

Non é Terra, é Fogar

*Pola miña terra,
polo meu fogar,
faría o posible,
e moito máis.*

*É a miña casa,
o meu lugar,
onde me sinto segura,
e feliz onde xamais.*

*Que digan o que queiran,
que non vou calar.
Ningunha terra é mellor que outra,
cada unha a súa cultura única.*

*Aínda que moitas se parezan,
non son iguais,
cada unha ten a súa identidade,
que os seus sempre van amar.*

*Eu son de Galicia,
non o esquezades xamais,
orgullosa da miña terra,
namorada do meu fogar.*

Guiados pola Intriga

*O mundo é un misterio,
moitas cousas por descubrir,
aínda que coñezamos xa boa parte,
o que non sabemos nos fai vivir.*

*Non fai falta buscalo en películas,
na túa terra as podes atopar,
misterio e cousas novas,
busca máis no teu fogar.*

*Crees que o sabes todo,
pero hai moito por lograr,
que o universo é moi grande,
mais a curiosidade o pode superar.*

*Descubrir novos mundos,
ver novas terras,
o que dende fai séculos,
nos guiou a continuar.*

*Temos a ciencia, a filosofía,
astronomía e moito máis,
pero o máis importante non e iso,
a curiosidade, o que nos fai intentar.*

*Buscar e experimentar,
do máis importante que hai,
o que fan os máis pequenos,
dende antes do seu primeiro camiñar.*

*Aínda lembro esa frase,
“Só sei que non sei nada”,
que gran verdade,
queda moito por mirar.*

*Que a vida é curta,
moitas cousas que probar,
aproveitade o tempo,
tócache experimentar.*

*O futuro nas nosas mans,
hai que facelo avanzar,
crear un mundo seguro,
para todos igual.*

Miña Terra

*As estrelas no ceo,
brilando fermosas.
As nubes na terra,
en forma de ondas.*

*As fincas do campo,
de branco cubertas.
Na cociña ao quente,
almas novas e vellás.*

*Ao clima frío,
lume e leña,
estamos en inverno,
chove e neva.*

*Cantade, cantade,
que maio se achega,
coa primeira fror,
trae unha promesa.*

*Virá o sol,
a par da alegría,
correr polo campo,
con compañía amiga.*

*A primavera repleta,
de cores e alerxias,
despois o verán,
cun descanso que alegra.*

*Os lagartos saen,
a calor das pedras,
non estes moito tempo,
se non te secas.*

*Nas árbores as follas,
se tornan marelas,
laranxas, marróns,
e logo para a herba.*

*Benvido outono,
a miña terra,
trae fresco e vento,
poñede a chaqueta.*

*Ven o Magosto,
as nosas aldeas,
comida en conxunto,
castañas na feira.*

*Toda estación,
na miña terra,
ten seu momento,
que ben se celebra.*

*A escarcha no prado,
ou as frores na herba,
as follas laranxas,
e os lagartos nas pedras.*

*Sos festas do pobo,
feiras da vila,
mirar fermoso,
Da miña Galicia.*

Vida nun Segundo

*Corre o tempo, corre axiña,
corren as páxinas, baila a tinta,
pinta palabras, crean historias,
poemas cheos, de emotivas estrofas.*

*Sen pausa, sen presa,
vai o libro da vida,
non te distraias,
ten follas finitas.*

*Segundos, minutos,
horas e días,
corre o tempo,
pasa a vida.*

*Meses, anos,
crease historia,
pasa a xente,
pasan a obras.*

*Recorda o pasado,
soña o futuro,
todo pequeno,
todo adulto.*

*Entras, camiñas,
pasa axiña,
recordas, olvidas,
xa toca a saída.*

Novo no Río

*Un barquiño de papel,
baixa polo río,
segue a corrente,
da auga do seu camiño.*

*Ai! Meu pequeno,
que eres novo no río,
por navegar, queda moito,
queda moito recorrido.*